

## **SEGUNDO DE GRAO ELEMENTAL**

### **PROBA DE CONTRABAIXO**

A proba de acceso a segundo curso de grao elemental consistirá na interpretación de dúas obras dunha dificultade axeitada ó nivel (ver lista orientativa) e interpretación a primeira vista dun fragmento elaborado polo tribunal.

#### **Disposicións xerais para as probas de acceso**

- Admitirase calqueira obra de características similares.
- O acompañamento de piano nas obras que así o precisen será por conta do alumno.
- Non se admitirán fotocopias, salvo no caso de edicións descatalogadas.

#### **Listado orientativo de obras**

(2 pezas ou estudos en primeira posición. Poden ou non levar ligaduras ata dúas notas.)

- G. NICKS : Sunshine (“Bass is best” / ed. Yorke)
- T. OSBORNE : Minor waltz (“The double bass sings” / ed. Piper publications)
- G. NICKS : The little sailor (“Yorke solos” / ed. Yorke)

## PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do 1º curso.

### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** A unha voz, e con extensión de 6 a 8 compases. En do maior ou la menor, figuración rítmica ata a semicorchea e compás simple. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en clave de Sol.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.



